



MODELO SILVÍCOLA	PMR (producción mixta madeira-resina en piñeirais)
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus pinaster</i> Ait., <i>Pinus radiata</i> D. Don.
OBXECTIVO:	Producción mixta madeira-resina.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Costeiros de Pontevedra (XVII, XVIII, XIX) e A Coruña (IV) e sur provincia de Ourense (XII, XIV, XV), preferentemente.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Piñeirais de rexeneración natural ou plantación, con densidade inicial de 1.100 a 1.300 pés/ha ou que se baixa a eses valores por desmestas antes dos 8 anos. Obrigatoriedade de manter as franxas de uso exclusivo de frondosas autóctonas e as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente.
Mantementos	En plantacións, reposición de marras e roza total no primeiro ano. Rozas de penetración que permitan o desprazamento das persoas que vaian facer o resinado e diminúan a carga de combustible.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Poda baixa de todos os pés aos 7-12 anos. En xeral, renunciaríase a podas altas. Tratamento de restos no 50% das entreliñas.
Desmestas	Desmesta precoz en rexenerados naturais ata chegar a unha densidade de 1.100-1.300 pés/ha antes dos 5 anos. Evitarase a realización doutras desmestas mediante a consideración de apertura de faixas no caso de rexenerados naturais.
Rarea	Rarea forte polo baixo aos 15-20 anos (segundo calidades), co obxectivo de manter só os pés de mellor desenvolvemento diamétrico. Extracción de 350 pés/ha, que suporán da orde de 30 m ³ /ha de madeira delgada. Trituración de restos ou retirada para o seu aproveitamento. Segunda rarea aos 25-30 anos, sobre os 350 pés/ha abertos en resinación. Extracción de 120 a 165 m ³ /ha (segundo calidades de estación) de rolla e puntal.

RESINADO	
Método de resinación	A seleccionar entre aqueles que aseguran manter a aptitude da rolla para destinos de aserrado en segundas rareas e aproveitamento final. Pica de casca manual ou mecanizada con envase aberto ou pechado e estimulación química. Non recomendable cando o rendemento sexa inferior a 10 kg de resina/h de traballo.
Resinación	Previa á segunda rarea durante 3 anos, idades de 22 a 25 anos, sobre 350 pés/ha que se extraerán en rareas. Estes pés poderanse resinar por pica de casca en cara tradicional (12 cm) ou de 16 cm, simple ou dobre e por pica mecánica con envase pechado. Diámetro de apertura de 20 cm. Producción total de 750 kg resina/ha e campaña resinando a dobre cara. Resinación previa á corta final sobre os 400 pés/ha restantes, durante 3 a 5 anos. Producción de 1.400 a 1.600 kg resina/ha por campaña cando se resina a dobre cara ancha. Neste caso, ademais



	dos métodos indicados, admitirase a resinación a unha cara ancha de 20 cm se o diámetro supera 30 cm. A resinación a unha cara ancha daría unha produción dun 62% da indicada.
--	--

CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	A quenda de 40 a 45 anos. 400 pés/ha. Posibilidade de anticipar a quenda en caso de problemas sanitarios, de estabilidade ou de desenvolvemento do rodal.
Métodos de corta	Corta a feito ou a feito en dous tempos. Trituración de restos ou retirada para o seu aproveitamento.